

**ACTA NÚMERO: 25/2022**

**ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 30 DE XUÑO DE 2022.**

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 30 de xuño de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

**Presidente:** Don Carlos Lopez Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

**Vogais da Mesa de Contratación:**

- D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso, Deputado do Grupo Provincial do PP
- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Susana Escaloni Varela, Viceinterventora da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

**Secretario:** D. Pablo Montero Carrera, xefe do Servizo de Contratación, Facenda de Patrimonio.

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 23 de xuño de 2022 (Reunión 24/2022).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022030223).
3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)". (Expte.- 2022015054).
4. Apertura electrónica dos sobres "Únicos", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra situado na Avda. Tourón, 46vno Concello de Vilagarcía de Arousa". (Expte. 2022015190).
5. Aprobación da valoración técnica dos sobre "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)". (Expte.- 2022015363).
6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)" (Expte.- 2022015363).
7. Aprobación da valoración técnica dos sobre "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a



contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". (Expte.- 2021065111).

8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". (Expte.- 2021065111).
9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Análisis das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garanticen a cobertura da rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe". (Expte.- 2022006309).

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais e D Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifiestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

#### **1. Aprobación da acta da reunión anterior do día 23 de xuño de 2022 (Reunión 24/2022).**

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión correspondente o día 23 de xuño 2022 (Reunión 24/2022)

#### **2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2022030223).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, número 2022004160 de data 31 de maio de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, para a contratación do deseño e lanzamento de campañas de comunicación en soportes dixitais do proxecto "Da túa man" dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data



31 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 16 de xuño de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa e do sobre B documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan neste procedemento, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.U. (C.I.F.- A-15050842).
- Roi Digital Business, S.L. (B-27808666).

Así mesmo a Mesa de Contratación en dita reunión acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Promoción de Emprego, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Promoción de Emprego con data 21/06/2022, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica correspondente aos criterios avaliables mediante xuízos de valor presentada polas empresas licitantes, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

	Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.U. (A-15050842).	Roi Digital Business, S.L. (B-27808666).
<b>SOBRE B</b>		
<b>1. Proposta estratéxica do plan de medios, ata un máximo de 20 puntos.</b>		
Este criterio avaliarase de acordo cos seguintes subcriterios:	10	20
a) Valorarase a xustificación da definición e caracterización da estratexia así como a descrición do target axustado aos obxectivos do proxecto Da túa man e a definición das accións segundo as campañas, ata un máximo de 7 puntos.	4	7
b) Valorarase a optimización de cara a conseguir a cobertura do proxecto e afinidade propostas con eficiencia en custos, tempo e recursos., ata un máximo de 7 puntos.	5	7
c) Valoraranse as fontes de información utilizadas para a fundamentación da estratexia e o estudo de medios segundo a fiabilidade das mesmas e actualización, ata un máximo de 6 puntos.	1	6
<b>2. Proposta de plan de medios, ata un máximo de 22 puntos.</b>	12	20



Este criterio avaliarase de acordo cos seguintes subcriterios:		
a) Valorarase a xustificación da selección de cada un dos medios, soportes e espazos propostos en coordinación coas campañas, ata un máximo de 8 puntos.	4	8
b) Valorarase o detalle nos niveles de cobertura e segmentación xeográfica así como as posibilidades comerciais en canto a encartes, suplementos, especiais, etc., , ata un máximo de 7 puntos.	5	5
c) Tamén se valorará a periodicidade de cada un e os formatos elixidos, ata un máximo de 7 puntos.	3	7
<b>TOTAL PUNTUACION B</b> (Ata un máx. de 42 puntos)	<b>22</b>	<b>40</b>

A Mesa de contratación na reunión do día 23/06/2022 acordou prestar conformidade as citadas puntuacións, chegando ambas empresas a acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima nos criterios de valoración mediante xuízos de valor existida para para proceder á apertura e valoración das propostas do sobre C.

As propostas presentadas polas empresas foron as seguintes:

Empresa; Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.U. (C.I.F. - A-15050842).

- Prezo ofertado:
  - Prezo ofertado sen IVE: 53.000,00 €
  - IVE (21%): 11.130,00 €
  - Prezo total ofertado: 64.130,00 €
- Importe do investimento en accións de comunicación e promoción ofertada pola empresa (sen iva):
  - Importe ofertado sen IVE: 43.000,00 €

Empresa: Roi Digital Business, S.L. (B-27808666).

- Prezo ofertado:
  - Prezo ofertado sen IVE: 52.407,63 €
  - IVE (21%): 11.005,60 €
  - Prezo total ofertado: 63.413,23 €
- Importe do investimento en accións de comunicación e promoción ofertada pola empresa (sen iva):
  - Importe ofertado sen IVE: 37.162,16 €



Feitas as valoracións de acordo cos criterios establecidos nos pregos a puntuación correspondente aos criterios avaliados automaticamente( Sobre C) , é a seguinte:

		Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.U. (A-15050842).	Roi Digital Business, S.L. (B-27808666).
<b>SOBRE C</b>			
1. Menor prezo total ofertado sen IVE, ata un máximo de 38 puntos.		36,375	38
2. Maior investimento en concepto de accións de comunicación e promoción, ata un máximo de 20 puntos.		20	17,28
<b>TOTAL PUNTUACION C</b> (Ata un máx. de 58 puntos)		<b>56,375</b>	<b>55,28</b>

En base as citadas puntuacións a Mesa de Contratación acorda:

1.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do referido Servizo, sendo esta a seguinte:

Clasificación		Puntuación Sobre B (Máx.42 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx.58 puntos)	Puntuación total
1ª	Roi Digital Business, S.L. (CIF B-27808666)	40	55,28	95,28
2ª	Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas, S.A.U. (C.I.F.- A-15050842).	22	56,375	78,375

2.- Propor ó órgano de contratación, neste caso á Presidencia, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adjudicación do referido procedemento aberto, á empresa Roi Digital Business, S.L. (C.I.F.- A-15050842) polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

**3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliada mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os**



**P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)". (Expte.-2022015054).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 3 de xuño de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 0407 Borela-Ponte Caldelas, entre os P.Q. 8+775 e o P.Q. 9+000 (Concello de Ponte Caldelas)*"

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xuño de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
  - CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
  - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
  - CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SLU
  - NAROM SL
  - ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS SLU
  - CONSTRUCCIONES FECHI SLU
  - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA





2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

**4. Apertura electrónica dos sobres "Únicos", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra situado na Avda. Tourón, 46vno Concello de Vilagarcía de Arousa". (Expte. 2022015190).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral, número 2022004390 de data 7 de xuño de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra “*Acondicionamento interior de local pertencente á Deputación de Pontevedra situado na Avda. Touron, 46 no Concello de Vilagarcía de Arousa*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres únicos correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante criterios automáticos presentada polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos presentaron ofertas as seguintes empresas:

- ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.
- OBRAS GALLAECIA, S.L.
- REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L.
- SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.
- CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ, S.L.

Os valores ofertados foron o seguintes:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA E INGENIERIA, S.L.	51.765,20 €	3 %	36 MESES	SI	NON
OBRAS GALLAECIA, S.L.	55.696,49 €	3 %	36 MESES	SI	SI
REVCOM ENERGÍAS RENOVABLES, S.L.	53.000,00 €	1 %	36 MESES	NON	NON
SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	51.801,16 €	3 %	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ, S.L.	50.788,50 €	3 %	36 MESES	NON	NON

A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precise as condicións da mesma, en particular o baixo nivel de prezos co desglose do orzamento con prezos descompostos por partidas e resumo de capítulos, acreditando que os custos de persoal estimáronse de acordo co convenio colectivo vixente para os traballadores que han de realizar os traballos, e as súas cotizacións sociais, rexeitándose a xustificación que non acrediten adecuadamente tales extremos.

**5. Aprobación da valoración técnica dos sobre "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)". (Expte.-2022015363).**





O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 20/05/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)”, cun orzamento base de licitación de 283.955,96 €.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24/05/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS., S.L.
- HORDESCON
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.

Con data 23/06/2022 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	18,00	2,00	20,00
HORDESCON, S.L.	16,00	2,00	18,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	22,00	3,00	25,00
NAROM, S.L.	22,00	3,00	25,00



CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	18,00	3,00	21,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 23/06/2022, acorda:

- 1) Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)".
- 6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)" (Expte.-2022015363).**

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto convocado para contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)", e que é a seguinte:

LICITADORES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00
HORDESCON, S.L.	18,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	25,00
NAROM, S.L.	25,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un



certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	232.796,95 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	229.581,91 €	2%	24 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	232.327,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	217.613,52 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	218.458,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	222.799,83 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	217.402,31 €	3%	36 MESES	SI	SI

A continuación, de conformidade co establecido no PCAP, procedeuse á valoración da oferta económica, obtendo o seguinte resultando:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	ISO 9001/14001	
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	2,82	5,00	5,00	5,00	17,82



HORDESCON, S.L.	7,65	2,50	2,50	5,00	17,65
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	3,52	5,00	5,00	5,00	18,52
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	24,29	5,00	5,00	5,00	39,29
NAROM, S.L.	23,19	5,00	5,00	5,00	38,19
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	17,52	5,00	5,00	5,00	32,52
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	24,57	5,00	5,00	5,00	39,57

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto " Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	25,00	39,29	64,29
2	NAROM, S.L.	25,00	38,19	63,19
3	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00	39,57	60,57
4	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	25,00	32,52	57,52
5	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	18,52	39,52
6	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	17,82	37,82
7	HORDESCON, S.L.	18,00	17,65	35,65



2.- Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra " *Mellora da seguridade viaria na E.P. 5206 Acceso a Luneda (Concello de Arbo*", á empresa, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. , de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	217.613,52 €
IVE (21%)	45.698,84 €
Importe Total	263.312,36 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., figura inscrita Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:

- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
  - 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
  - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3anos en contratos de características similares
  - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares.
  
- b) Documento xustificativa da efectiva disposición dos medios materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
  - PLANTA PARA A FABRICACIÓN DE FORMIGONES BITUMINOSOS (mezclas bituminosas en quente) cunha capacidade mínima de 100 toneladas á hora que non diste máis de 100 km por estrada da obra.
  - EQUIPO DE EXTENSIÓN DE MEZCLAS BITUMINOSAS EN QUENTE
  
- c) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva por importe de 10.880,68 €



**7. Aprobación da valoración técnica dos sobre "A" correspondente a documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". (Expte.- 2021065111)**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 20 de maio de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 24 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
- MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- NAROM S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don Francisco Rosendo Alonso Fernández, con data 23 de xuño de 2022, emitiu o correspondente informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	20,00	3,00	23,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	20,00	3,00	23,00
NAROM S.L.	20,00	3,00	23,00





CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	18,00	3,00	21,00
MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	18,00	3,00	21,00
ELSAMEX, GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	16,00	2,00	18,00
HORDESCON S.L.	16,00	2,00	18,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Don Francisco Rosendo Alonso Fernández, de data 23 de xuño de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*".

**8. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño". (Expte.- 2021065111)**

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da mobilidade peonil na EP-9302 en Broullón (PQ 0+780 ao PQ 0+970) e Cobas (PQ 2+400 ao PQ 2+550), no Concello de Meaño*".

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE A
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	23,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	23,00
NAROM S.L.	23,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	21,00
MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	21,00
ELSAMEX, GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	18,00
HORDESCON S.L.	18,00



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA	CONTR OL CALIDA DE	PRAZO DE GARAN TIA	UNE- EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	290.258,74 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	306.084,26 €	2%	24 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	294.789,18 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	286.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	276.791,52 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	294.230,63 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	309.917,35 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	296.495,85 €	3%	36 MESES	SI	SI

O valores ofertados foron os seguintes:



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as oferta presentada pola empresa EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir a citada empresa para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifique a oferta e precisen as condicións da mesma, en particular o baixo nivel de presos co desglose do orzamento con prezos descompostos por partidas e resumo de capítulos, acreditando que os custos de persoal estimáronse de acordo co convenio colectivo vixente para os traballadores que han de realizar os traballos, e as súas cotizacións sociais, rexeitándose a xustificación que non acrediten adecuadamente tales extremos.

**9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Análisis das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garanten a cobertura da rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe". (Expte.-2022006309).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial de data 07 de xuño de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*Servizo de análise das necesidades de puntos de acceso wifi e a súa ubicación que garantan a cobertura de rede wifi en todo o Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 08 de xuño de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.



O Secretario da Mesa de Contratación acceden á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e a documentación técnica valorable mediante xuízos de valor presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa e a documentación técnica, a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
  - CIBERNOS SISTEMAS, S.L (NIF - B 03.243.110)
  - SISTEMAS AVANZADOS DE TECNOLOGÍA, S.L. (NIF – A 33.117.995)
2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Novas Tecnoloxías, ao obxecto de que o persoal técnico avalíe e pondere as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta e nove minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

